

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3481** *Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo.*

#### I

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o pasado 13 de febreiro as emendas á totalidade presentadas sobre o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019.

Este proxecto de lei tiña como un dos seus obxectivos potenciar as políticas sociais a través dunhas contas públicas máis xustas e igualitarias para levar a recuperación económica a toda a sociedade, especialmente a máis vulnerable. Para iso incorporaba, entre outras, determinadas medidas dirixidas a restablecer dereitos sociais que foron suprimidos en 2012 co pretexto da crise económica e as medidas de austeridade e redución do gasto público. Trátase de medidas que responden á inequívoca vontade política deste Goberno de volver situar o estado de benestar como eixe central do noso modelo de crecemento económico. E isto co obxecto de reducir as desigualdades sociais que aínda subsisten na sociedade española, non superadas a pesar de se ter recuperado un crecemento robusto da economía e unha intensa creación de emprego.

Este real decreto lei ten por obxecto, en primeiro lugar, a aprobación desas medidas de protección social, respecto das cales concorren razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a súa adopción para permitir a súa inmediata entrada en vigor.

En segundo lugar, esta norma introduce algunhas medidas de fomento do emprego que deben implementarse con urxencia para garantir o mantemento do emprego en colectivos especialmente sensibles á inestabilidade laboral e ao desemprego: parados de longa duración, traballadores do campo, traballadores fixos descontinuos en actividades turísticas, etc.

Xunto a isto, este real decreto lei inclúe tamén determinadas disposicións dirixidas a establecer o rexistro da xornada de traballo, para os efectos de garantir o cumprimento dos límites en materia de xornada, de crear un marco de seguridade xurídica tanto para as persoas traballadoras como para as empresas e de posibilitar o control por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Trátase de disposicións nas cales tamén concorren razóns de extraordinaria e urxente necesidade para a súa aprobación a través dun real decreto lei.

#### II

O capítulo I do real decreto lei inclúe determinadas medidas de protección social, nos termos que se detallan a continuación.

Mediante o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modificouse a regulación do subsidio para maiores de 52 anos contida no daquela vixente texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. As modificacións afectaron tanto a idade de acceso, que se elevou a 55 anos, como a súa duración, que se reduciu desde a idade legal de xubilación ata o momento en que se puidese ter acceso á pensión contributiva de xubilación en calquera das súas modalidades, e tamén a cotización, que se rebaixou desde o 125 por cento ao 100 por cento do tope mínimo de cotización vixente en cada momento.

O artigo 1 do real decreto lei recolle a modificación da regulación do subsidio por desemprego para maiores de 55 anos en seis aspectos: redución da idade de acceso de 55 a 52 anos; supresión do requisito de ter feita a idade de 52 anos no momento do feito causante do subsidio, permitindo o acceso cando se faga esa idade e recollendo na

regulación a xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre esta cuestión; incremento da súa duración máxima de modo que, se antes se percibía ata que a persoa beneficiaria puidese acceder a calquera das modalidades de pensión contributiva de xubilación, se percibirá ata o cumprimento da idade ordinaria de xubilación; eliminación da consideración das rendas da unidade familiar para o acceso ao subsidio; incremento da contía da cotización pola continxencia de xubilación durante a percepción do subsidio do 100 ao 125 por cento do tope mínimo de cotización vixente en cada momento, e a eliminación das porcentaxes aplicables á contía do subsidio cando provén dun traballo desenvolvido a tempo parcial.

O efecto das melloras introducidas tradúcese nun importante aumento da protección deste colectivo durante a situación de desemprego, ao facilitar o acceso a idade máis temperá e non considerar as rendas da unidade familiar, e ao prolongarse a protección ata a idade ordinaria de xubilación. Pero as melloras non se circunscriben á situación de desemprego senón que teñen unha enorme proxección de futuro, posto que afectan todo o período de desfrute da pensión de xubilación, que verá incrementado o seu importe tanto pola eliminación dos posibles coeficientes redutores sobre a contía nos casos de xubilación anticipada, como pola mellora da cotización durante todo o período de devindicación do subsidio.

A protección deste colectivo de traballadores tan vulnerable xustifica as modificacións introducidas polo presente real decreto lei. O artigo 2.d) do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, establece como un dos obxectivos da política de emprego asegurar políticas adecuadas de integración laboral dirixidas a aqueles colectivos que presenten maiores dificultades de inserción laboral, citando en especial os maiores de 45 anos. E, por outro lado, a protección das situacións de desemprego –aspecto esencial da política de emprego– das persoas maiores de 52 anos reviste un carácter prioritario, tanto por garantir a súa protección actual como futura, dado que este subsidio incide directamente na contía da futura pensión de xubilación.

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a introdución destas modificacións no ordenamento, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican o uso desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos leis «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». A modificación deste subsidio non supón afectación a ningunha destas materias.

En relación coa concorrencia dos presupostos habilitantes de extraordinaria e urxente necesidade, débese ter en conta a doutrina do noso Tribunal Constitucional, resumida no fundamento xurídico IV da Sentenza 61/2018, do 7 de xuño de 2018. De acordo con ela requírese, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno na súa aprobación», é dicir, o que se denomina situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para a remediar». Como sinala o Tribunal Constitucional, xeralmente «tense admitido o uso do decreto lei en situacións que se cualificaron como «conxunturas económicas problemáticas», para cuxo tratamento representa un instrumento constitucionalmente lícito, xa que é pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro que remediar «situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, requiran unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis» (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8). Finalmente, tamén se debe advertir que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o problema se poida converter nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade, que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás

circunstancias concurrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado na SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3)».

Neste sentido, as modificacións do subsidio por desemprego para maiores de 52 anos xustificanse pola situación de necesidade que viven máis de 114.000 persoas que non teñen dereito ao acceso á protección contributiva nin asistencial e que, con esta reforma, pasan a estar cubertas polo sistema de protección por desemprego. Ademais, esta modificación afectará outros 265.465 beneficiarios actuais do subsidio, que verán melloradas as súas cotizacións; ademais, unhas 12.000 persoas que actualmente cobran o subsidio de forma parcial pasarán a percibilo a tempo completo. En consecuencia, a medida afecta un total de 379.465 persoas e amplía o ámbito de cobertura do subsidio asistencial para subverter unha situación de urxente e extraordinaria necesidade. Desta maneira, as modificacións introducidas na regulación do subsidio para maiores de 55 anos xustificanse, fundamentalmente, por incidiren sobre un importante colectivo de traballadores particularmente vulnerable á situación de desemprego e, por tanto, prioritario para a política de emprego, e tradúcese nun significativo aumento da protección deste grupo de persoas traballadoras, tanto mentres dura a situación de desemprego canto no futuro ao pasar á situación de xubilación, posto que non se obriga o traballador a xubilarse, de ser o caso, anticipadamente, coa correspondente aplicación de reducións no importe da pensión, ao tempo que o incremento na cotización durante a percepción do subsidio implicará unha maior contía da pensión ao cumprirse a idade ordinaria de xubilación.

A ampliación do ámbito de cobertura deste subsidio reviste urxencia, xa que as persoas afectadas apenas perciben rendas de ningunha natureza e están en elevado risco de exclusión social. Ata hoxe privouse do acceso ao subsidio as persoas que xa teñen feitos os 52 anos e que, cumprindo o resto de requisitos, carecían de protección, para os cales cada día de atraso en acceder a esta protección é un día menos cotizado. Pola súa parte, e para os actuais beneficiarios do subsidio, cada día transcorrido antes desta reforma é un día con menor cotización para efectos de xubilación. En definitiva, demorar a aprobación das medidas tradúcese nunha perda de dereitos actuais e futuros de persoas que en moitos casos carecen de recursos actuais mínimos e de expectativas dunha futura pensión digna.

### III

Este real decreto lei introduce tamén unha serie de medidas no ámbito da seguridade social que encontran perfecto encaixe dentro da finalidade xeral do capítulo I desta norma: adoptar medidas de protección social de carácter extraordinario e urxente. É o caso do artigo 2, que prevé o incremento da asignación económica por fillo a cargo ata os 341 euros anuais e ata os 588 euros anuais no caso das familias en situación de pobreza severa, as cales están nunha situación de urxente e extraordinaria necesidade. O establecemento de medidas de protección contra a pobreza infantil foi obxectivo prioritario do Goberno, cuxo máximo expoñente foi a creación dun alto comisionado para a loita contra a pobreza infantil, coa finalidade de coordinar as actuacións e políticas para a loita contra a pobreza infantil e a desigualdade. De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística, no ano 2017 a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE) para menores de 16 anos alcanzou o 31 por cento, o que sitúa este indicador no noso país sete puntos porcentuais por riba de media da Unión Europea, tal e como se desprende das estatísticas elaboradas por Eurostat.

Especialmente preocupante é a situación de 630.000 nenos que viven en fogares en situación de pobreza severa, con rendas inferiores ao 25 % da mediana de ingresos equivalentes. Os últimos datos dispoñibles, referentes ao último trimestre de 2018, amosan un lixeiro descenso no total de fogares sen ingresos con menores. Porén, a pesar deste descenso, o número deste tipo de fogares sen ingresos mantense practicamente no dobre que antes do inicio da crise económica.

A preocupación pola elevada taxa de pobreza infantil fai necesario adoptar, de maneira urxente, medidas sociais que permitan incrementar o esforzo en paliar a crítica situación a que se confrontan as familias que dispoñen de menos recursos. O gasto en familias e

infancia de España é inferior á media da Unión Europea; soamente un 5,3% do gasto social en España se dedica ás familias e á infancia, fronte ao 8,4% da media europea.

Desde as institucións europeas e organismos internacionais como a OCDE ou distintos comités de Nacións Unidas tamén se puxo énfase na necesidade de garantir ás familias os recursos suficientes a través de transferencias sociais. A falta de apoio ás familias con fillos en situación vulnerable foi sinalada reiteradamente pola Unión Europea, que fixo constar que o impacto das transferencias sociais en España é moi inferior á media da Unión Europea, e instou o noso país a tomar medidas para corrixir unha situación en que a eficacia das prestacións familiares é baixa e a cobertura é desigual.

As análises evidenciaron que as transferencias directas son esenciais para reducir as desigualdades e loitar contra a pobreza infantil. Baixo esta perspectiva, o presente real decreto lei ten por obxecto incrementar o esforzo na loita contra a pobreza infantil, destinando maiores recursos económicos aos fogares con menores ingresos. A prestación por fillo a cargo pasa de 291 € a 341 €, mentres que a asignación económica pasa á contía de 588 € nos casos en que os ingresos do fogar sexan inferiores á escala que determina aquelas familias que se sitúan na pobreza máis severa, en situacións nas cales recibir unha axuda pública suficiente é unha cuestión de extraordinaria e urxente necesidade.

Procédese no artigo 3 ao incremento das contías mínimas da pensión contributiva de incapacidade permanente total para menores de 60 anos. Esta medida xustifícase pola imposibilidade de reincorporarse ao mercado laboral que en moitos casos sufriron os traballadores afectados por unha incapacidade permanente total, especialmente cando o acceso a esa situación se produce a partir de determinadas idades en que a falta de cualificación ou coñecementos prolongou esta situación ata o acceso á pensión de xubilación.

Co fin de evitar que estes traballadores se encontren nunha situación de vulnerabilidade económica, á vista da súa difícil reincorporación ao mercado laboral e ante a importante suba do salario mínimo interprofesional que se produciu no ano 2019 que, pola súa vez, se reproduce na contía da base mínima de cotización, resulta de extraordinaria e urxente necesidade levar a cabo o incremento con data de efectos do 1 de xaneiro de 2019.

Por medio do artigo 4 modifícase a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, co obxectivo de adecuar o seu catálogo de prestacións ás novidades reguladas polo Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación. Introdúcese, por tanto, a nova prestación por exercicio corresponsable do coidado do lactante e adécuanse as referencias á maternidade e paternidade á nova denominación de nacemento e coidado do menor. Para a súa regulación remítese ao disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Así, non cabe dúbida da extraordinaria e urxente necesidade de levar a cabo esta modificación, posto que, en caso contrario, as persoas encadradas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar non gozarían da mesma protección social que o resto de traballadores.

O artigo 5, pola súa parte, regula unha redución de cotas para os traballadores encadrados no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios, establecido no réxime xeral da Seguridade Social. Unha das súas principais singularidades é que, durante a situación de inactividade dentro do mes natural, é o propio traballador agrario o responsable do cumprimento da obrigaición de cotizar e do ingreso das cotas correspondentes, para cuxo efecto se toma en consideración a base mínima por contingencias comúns correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

A entrada en vigor do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, supuxo para o ano 2019 un incremento na dita base de arredor dun 22 por cento respecto da contía que tiña no ano 2018, debido ao aumento das bases mínimas de cotización na porcentaxe experimentada para o ano 2019 polo salario mínimo

interprofesional, conforme establece o Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.

Co obxecto de paliar as dificultades que os referidos traballadores en situación de inactividade poderían ter para o cumprimento das súas obrigacións en materia de cotización á Seguridade Social nos primeiros meses do ano resultado do incremento sinalado, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorizou o diferimento do pagamento de cotas durante os períodos de inactividade correspondentes aos meses de xaneiro a abril de 2019. Non obstante, as especiais circunstancias que configuran a relación de Seguridade Social destes traballadores motivan a necesidade de establecer durante o ano 2019 unha redución na cotización á Seguridade Social durante a situación de inactividade, de modo que se reforzan así as medidas adoptadas co obxecto de facilitar o cumprimento das súas obrigacións en materia de cotización á Seguridade Social.

Esta medida, que debe establecerse mediante norma de rango legal, xustifica a extraordinaria e urxente necesidade do seu establecemento mediante o presente real decreto lei, co obxecto de que produza efectos durante o exercicio 2019.

Pola súa parte, o artigo 6 modifica o artigo 249 ter do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, para efectos de ampliar o prazo de solicitude da situación de inactividade de artistas en espectáculos públicos. Resulta necesario e urxente realizar esta modificación, xa que desde a entrada en vigor da regulación desa situación de inactividade se detectou que o establecemento dunha data cerrada de solicitude non atende correctamente as necesidades de tales artistas. Por iso, amplíase ese prazo de solicitude a calquera momento do ano, dotando así de eficacia as medidas adoptadas polo Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía, que, pola súa vez, daba cumprimento ás recomendacións contidas no informe da Subcomisión para a elaboración do Estatuto do artista aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 6 de setembro de 2018.

A disposición transitoria segunda está destinada a clarificar o réxime transitorio de aplicación do artigo 308 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social tras a modificación operada polo Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro. O 1 de xaneiro de 2019 entrou en vigor unha nova medida pola que, a partir do día 61 de incapacidade temporal, as mutuas colaboradoras, entidade xestora ou Servizo Público de Emprego Estatal aboarían as cotizacións dos traballadores autónomos, con cargo ás cotas de cesamento de actividade. Agora ben, a súa aplicación xerou dúbidas interpretativas que se deben aclarar de forma urxente e imprescindible, por resultar necesario para a aplicación dunha norma en vigor. Por tanto, queda suficientemente acreditada a súa extraordinaria e urxente necesidade que motiva a súa regulación mediante real decreto lei.

Por outro lado, a entrada en vigor do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, fai necesaria por razóns de seguridade xurídica a introdución das disposicións transitoria terceira e derradeira segunda.

#### IV

O capítulo II do real decreto lei inclúe diferentes medidas dirixidas a fomentar o emprego indefinido en determinados sectores de actividade e de persoas desempregadas de longa duración.

O artigo 7 articula o «Plan de conversión de contratos temporais de traballadores eventuais agrarios en contratos indefinidos», que inclúe os traballadores fixos descontínuos.

No dito artigo posibilitase ás empresas que transformen contratos temporais con traballadores pertencentes ao sistema especial de traballadores por conta allea agrarios do réxime xeral da Seguridade Social, incluídos os fixos descontínuos, ao bonificarse a cota empresarial por continxencias comúns, distinguíndose a súa contía en función do encadramento do traballador e da modalidade de cotización –mensual ou por xornadas reais traballadas–. Ademais, co obxectivo de introducir medidas positivas para reducir a fenda de xénero, establécense contías incrementadas no caso da conversión de contratos de mulleres traballadoras.



As características do mercado laboral no ámbito do traballo agrario, onde priman a temporalidade e, por tanto, a precariedade, xustifican a adopción desta medida a través dun real decreto lei. A este respecto, débese ter en conta que neste sector máis dun 47 % dos asalariados o son con contratos temporais, mentres que os traballadores con contratos indefinidos e fixos descontínuos representan só o 32,9% e 15,9%, respectivamente. A través deste incentivo búscase promocionar a contratación estable no sector, reducindo un volume de precariedade que alcanzou niveis insostibles desde a perspectiva social e promovendo a estabilidade no emprego como principio reitor do noso ordenamento laboral. Outro aspecto que xustifica a elección deste vehículo normativo é o derivado do rexeitamento ao proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019 e a imposibilidade de tramitar un proxecto de lei antes da fin da lexislatura que sirva para resolver unha situación de extrema relevancia no ámbito agrario, para a cal se require unha solución de carácter inmediato.

No artigo 8 introdúcese unha bonificación pola contratación laboral de persoas desempregadas de longa duración. Desta maneira, preténdese incentivar a contratación indefinida de persoas desempregadas e inscritas na oficina de emprego ao menos 12 meses nos 18 meses anteriores á contratación, mediante unha bonificación mensual da cota empresarial á Seguridade Social. Para a aplicación desa bonificación, establécese que se deberá manter no emprego o traballador contratado ao menos tres anos desde a data de inicio da relación laboral.

Ben que o nivel de paro de longa duración, como o de desemprego xeral, descendeu nos últimos anos, continúa sendo un reto manter esta tendencia positiva. Boa parte do paro é de longa duración (no cuarto trimestre de 2018, a taxa de paro deste colectivo en España era do 6,1%, mentres que na UE-28 era do 2,8%), polo que a atención ás persoas desempregadas de longa duración é crucial para mellorar o nivel de emprego deste colectivo, especialmente vulnerable, xa que coa prolongación da situación de desemprego se perden paulatinamente as posibilidades de reinserción no mercado laboral, o que supón unha ameaza notable á cohesión social. Así, a presente medida atende ao cumprimento dun dos obxectivos estratéxicos da actual Estratexia española de activación para o emprego 2014-2020, cal é potenciar o emprego como principal instrumento de inclusión social, mellorando de maneira prioritaria a activación e inserción dos desempregados de longa duración e dos maiores de 55 anos. Igualmente, segue as liñas marcadas polas recomendacións do Consello da Unión Europea no concernente á atención dos desempregados de longa duración e á mellora das políticas activas de emprego.

Trátase dunha medida que se insire dentro das medidas adoptadas polo actual Goberno co obxectivo de loitar contra a precariedade, o paro e a pobreza laboral, actuando sobre o colectivo de persoas en situación de desemprego de longa duración.

A introdución desta bonificación, que estaba prevista no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019, pretende atender as necesidades dun colectivo de especial vulnerabilidade, o que acredita a necesidade da súa introdución mediante real decreto lei.

Por outra parte, no artigo 9 establécese unha medida de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos descontínuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.

Desde a aprobación desta medida en xullo de 2012, que pretende incentivar mediante bonificacións nas cotas á Seguridade Social a prolongación dos contratos laborais de traballadores fixos descontínuos nos sectores de turismo, comercio vinculado a este e hostalaría, nos meses de febreiro, marzo e novembro, púidose apreciar unha positiva acollida por parte das empresas, que contribúen así de forma importante ao mantemento do emprego do dito colectivo durante os citados meses. Non en van estes sectores son intensivos en man de obra e, por tanto, teñen un alto potencial de xeración de emprego.

Como se comprobou cos datos de contratación laboral, produciuse un incremento no número de beneficiarios coa aprobación da medida nos meses de novembro e marzo de cada ano e en febreiro desde a súa inclusión en 2016, polo que é conveniente que se estenda durante 2019, para seguir impulsando a actividade e o emprego nos sectores vinculados ao turismo.

A non aprobación do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019, que implica a perda da vixencia desta medida nun contexto de prórroga orzamentaria, xustifica a súa inclusión neste real decreto lei, pois proporciona un apoio eficaz ao sector turístico, que constitúe un sector referente no noso país e un dos de maior potencial xerador de emprego. Así, contribúese á expansión do sector do turismo e sectores vinculados a el con medidas de apoio á contratación como a que se inclúe neste artigo e que é obxecto de continuidade un ano máis, ao mesmo tempo que se reforza a permanencia na actividade laboral dos traballadores con contratos fixos descontinuos.

Por tanto, a necesidade de manter este incentivo cun efecto económico positivo nun sector estratéxico da economía española, así como o risco de producir un obstáculo ao mantemento do emprego, xustifican a introdución desta medida no presente real decreto lei.

As medidas de fomento do emprego indefinido incluídas neste capítulo II serán obxecto de avaliación nos termos previstos na disposición adicional terceira.

## V

O capítulo III inclúe reformas normativas dirixidas a regular o rexistro de xornada, como forma de combater a precariedade laboral.

As regras sobre limitación da xornada laboral son un dos elementos que están na orixe do dereito do traballo. Estas regras configúranse como un elemento de protección das persoas traballadoras e aglutínanse arredor do establecemento legal dunha xornada máxima de traballo e a súa indispoñibilidade para as partes do contrato de traballo, ao seren normas de dereito necesario.

A realización dun tempo de traballo superior á xornada laboral legal ou convencionalmente establecida incide de maneira substancial na precarización do mercado de traballo, ao afectaren dous elementos esenciais da relación laboral, o tempo de traballo, con relevante influencia na vida persoal da persoa traballadora ao dificultar a conciliación familiar, e o salario. E tamén incide nas cotizacións á Seguridade Social, minguadas ao non cotizarse polo salario que correspondería á xornada realizada.

A pesar de que o noso ordenamento laboral, en liña cos ordenamentos europeos, se dotou de normas que permiten certa flexibilidade horaria para adaptar as necesidades da empresa ás da produción e do mercado (distribución irregular da xornada, xornada a quendas ou horas extraordinarias), esta flexibilidade non se pode confundir co incumprimento das normas sobre xornada máxima e horas extraordinarias. Pola contra, a flexibilidade horaria xustifica o esforzo no cumprimento destas normas, moi particularmente aquelas sobre cumprimento de límites de xornada e de rexistro de xornada diaria.

Unha das circunstancias que incidiu nos problemas do control da xornada por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como nas dificultades de reclamación por parte das persoas traballadoras afectadas por esa extralimitación horaria e que, á fin, facilitou a realización de xornadas superiores ás legalmente establecidas ou convencionalmente pactadas, foi a ausencia no Estatuto dos traballadores dunha obriga clara por parte da empresa do rexistro da xornada que realizan as persoas traballadoras.

A Audiencia Nacional, na Sentenza do 4 de decembro de 2015, afirmou que «o rexistro de xornada, que non de horas extraordinarias, é o requisito constitutivo para controlar os excesos de xornada». E, por maior abastanza, precisou que a inexistencia do rexistro «coloca as persoas traballadoras en situación de indefensión que non se pode temperar porque as horas extraordinarias sexan voluntarias, posto que o único medio de acreditarlas é, precisamente, o control diario».

Aínda que a interpretación recollida nesta sentenza da Audiencia Nacional non foi confirmada, o Tribunal Supremo, na súa Sentenza 246/2017, do 23 de marzo, afirmou que «*de lege ferenda* conviría unha reforma legislativa que clarificase a obriga de levar un rexistro horario e facilitase ao traballador a proba da realización de horas extraordinarias...».

Nesta mesma liña debe terse en conta a interpretación que da Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, se vén mantendo desde as institucións europeas, en concreto desde o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Así, nas recentes conclusións do avogado xeral do 31 de xaneiro de 2019 no asunto C-55/18, en que se cuestiona a adecuación da lexislación española sobre tempo de traballo á citada directiva, afirmase que a normativa europea impón «ás empresas a obrigação de implantar un sistema de cómputo da xornada laboral efectiva dos traballadores a tempo completo que non se comprometesen de forma expresa, individual ou colectivamente, a realizar horas extraordinarias e que non teñan a condición de traballadores móbiles, da marifa mercante ou ferroviarios, e se opoñen a unha normativa nacional da cal non resulta a existencia desa obrigação». A creación do rexistro de xornada por medio deste real decreto lei asegura a conformidade da normativa europea co ordenamento europeo.

Por todo iso, a través do artigo 10 deste real decreto lei modifícase o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, para regular o rexistro de xornada, para os efectos de garantir o cumprimento dos límites en materia de xornada, de crear un marco de seguridade xurídica tanto para as persoas traballadoras como para as empresas e de posibilitar o control por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Con iso, facilítase a resolución de discrepancias en canto á xornada e, en consecuencia, sobre o salario, e séntanse as bases para acabar cun elemento de precariedade das relacións laborais, recoñecendo o papel da negociación colectiva.

De maneira complementaria, o artigo 11 modifica o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, para tipificar como infraccións na orde social as derivadas de incumprimentos relativos ao rexistro de xornada.

Á hora de xustificar a extraordinaria e urxente necesidade das medidas referidas ao rexistro de xornada, debe terse en conta que, durante 2018, un 35 por cento do total das denuncias por incumprimentos empresariais en materia de relacións laborais recibidas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social se referían ao tempo de traballo. Por outra parte, de acordo coa enquisa de poboación activa do cuarto trimestre de 2018, máis do 50 por cento dos asalariados declararon ter xornadas semanais superiores ás 40 horas e un gran volume de traballadores a tempo parcial indicou que a xornada de traballo efectiva non se correspondía coa declarada.

Utilizando outros datos da enquisa de poboación activa, cada semana do ano 2017 fixéronse no noso país unha media de 5,8 millóns de horas extraordinarias á semana. Lonxe de constituír un feito puntual, a realización de horas extraordinarias incrementouse en 2018. Así, os datos revelan que, como media, cada semana de 2018 se realizaron 6,4 millóns de horas extraordinarias en España.

Xunto ao anterior, cómpre destacar que un 48 por cento das persoas traballadoras que declaran realizar horas extraordinarias tamén manifestan que non se lles aboan nin, por tanto, se cotiza por elas á Seguridade Social. Isto supón un prexuízo grave para esas persoas e para o sistema de Seguridade Social.

A introdución do rexistro de xornada debe contribuír a corrixir a situación de precariedade, baixos salarios e pobreza que afecta moitos dos traballadores que sofren os abusos na súa xornada laboral. Unha boa porcentaxe das persoas que se beneficiarán do dito rexistro son traballadores pouco cualificados con salarios moi baixos. Segundo a Enquisa de poboación activa do cuarto trimestre de 2018, máis dun 26% das horas extraordinarias non pagadas se realizaron en comercio (15,2% do total) e hostalaría (10,9% do total), sectores caracterizados en non poucas ocasións polos baixos salarios e a precariedade laboral.

Resulta, por iso, necesario e urxente proceder a esta reforma normativa para poder dotar de maior efectividade o labor da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Debe sinalarse que o Plan director por un traballo digno 2018-2019-2020, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de xullo de 2018, sinala como un dos seus obxectivos a loita contra «a realización de horas extraordinarias ilegais por superar a cifra máxima permitida



de 80 ao ano, a realización de horas extraordinarias que non son aboadas nin compensadas con descanso, sexan ou non legais, e as situacións relacionadas coa organización do traballo e o establecemento de altos ritmos, para actuar tanto sobre os aspectos puramente laborais coma os relacionados coa incidencia que tales factores teñen na prevención de riscos laborais».

O Plan de choque contra a utilización abusiva da contratación a tempo parcial, desenvolvido entre agosto e decembro de 2018 e que forma parte do citado plan director, permitiu incrementar a xornada de 8.824 persoas traballadoras con contrato a tempo parcial, o que supón un 17,5% dos afectados polo Plan de choque contra o uso irregular da contratación a tempo parcial. En materia de ampliación de xornada, a suma da actuación ordinaria da Inspección de Traballo e a execución do Plan de choque alcanzaron a cifra de 31.517 ampliacións (22.693 por actuacións ordinarias e as citadas 8.824 polo Plan de choque).

Estas cifras, contidas no Informe sobre o estado de execución do Plan director por un traballo digno que foi elevado ao Consello de Ministros do 8 de febreiro de 2019, permiten constatar dúas circunstancias: por un lado, que en non poucas ocasións se produce unha utilización abusiva do traballo a tempo parcial; por outro, e máis alá da contratación a tempo parcial, que existen graves dificultades e unha enorme complexidade no desenvolvemento da actuación inspectora á hora de acreditar os excesos de xornada respecto á formalmente declarada polo empregador.

Á vista de todo o anterior, concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas no artigo 86 da Constitución para adoptar as reformas normativas necesarias para regular o rexistro de xornada.

## VI

Dentro das disposicións da parte final do real decreto lei, a disposición adicional primeira sinala que o Goberno constituirá, antes do 30 de xuño do presente ano, un grupo de expertos e expertas para a proposta dun novo estatuto dos traballadores.

Problemas estruturais do noso mercado de traballo, como a elevada taxa de desemprego e a alta temporalidade, a necesidade de restablecer o equilibrio nas relacións laborais entre empresas e persoas traballadoras e as transformacións que se están producindo no ámbito laboral como consecuencia da dixitalización, a globalización, os cambios demográficos e a transición ecolóxica fan necesario iniciar de maneira inmediata os traballos e estudos que sirvan de base para a elaboración dun novo Estatuto dos traballadores que adapte o seu contido aos retos e desafíos do século XXI.

En canto á disposición adicional segunda, ten a súa orixe na Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que lle engadiu o artigo 2 ter, que establece que os poderes públicos promoverán a plena integración dos estranxeiros na sociedade española. Para iso prevese que o Goberno e as comunidades autónomas acorden na Conferencia Sectorial de Inmigración programas de acción bienais para reforzar a integración social dos inmigrantes e que tales programas sexan financiados con cargo a un fondo estatal para a integración dos inmigrantes, que se dotará anualmente e que poderá incluír fórmulas de cofinanciamento por parte das administracións receptoras das partidas do fondo.

A partir de 2012, todas as leis de orzamentos deixaron sen efecto o previsto no referido artigo ata o presente exercicio de 2018 (disposición adicional centésimo quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018).

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social declarou que o Goberno recuperaríase o Fondo Estatal para a Integración dos Inmigrantes nos orzamentos xerais do Estado de 2019, co fin de establecer un novo marco de colaboración con concellos e comunidades autónomas que garanta a integración na sociedade española da poboación inmigrante. Igualmente, o presidente do Goberno, tras o Pacto mundial para a migración segura, ordenada e regular, suscrito en Marrakech o pasado mes de decembro, anunciou a recuperación do Fondo Estatal para a Integración dos Inmigrantes e un plan de cidadanía.

Por iso, o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019 incorporou unha disposición en que se prevé a dotación do Fondo Estatal para a Integración dos Inmigrantes durante 2019.

Este fondo é o instrumento necesario para articular a colaboración entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais para o desenvolvemento conxunto dunha estratexia de integración de inmigrantes, solicitantes de asilo e beneficiarios de protección internacional que permita garantir a cohesión social, dar resposta ao desafío dos novos fluxos migratorios e garantir o respecto dos dereitos e obrigacións internacionalmente recoñecidos.

A acollida ofrecida ás persoas inmigrantes constitúe un dos principais condicionantes do proceso de integración, na medida en que unha boa xestión da acollida permite acelerar a inserción en todos os ámbitos vitais (o veciñal, o laboral, o escolar etc.). En sentido inverso, a ausencia dunha acollida adecuada retarda os procesos de inserción e provoca en moitas ocasións a necesidade de esforzos adicionais, tanto por parte dos propios cidadáns e cidadás inmigrantes como da sociedade receptora. Ademais, a acollida xoga tamén un papel esencial na adquisición dun sentimento de pertenza á nova sociedade, porque a forma en que as persoas inmigrantes experimentan que foron acollidas deixa unha marca indeleble na súa biografía vital e na valoración do seu proceso migratorio.

En correspondencia con esta importancia crucial, os programas de acollida ocupan un lugar preponderante nos plans e documentos sobre integración a escala europea, estatal, autonómica e local, e nas accións desenvolvidas por numerosas organizacións non gobernamentais e axentes sociais.

Tendo presente o anterior, resulta de extraordinaria e urxente necesidade dotar o Fondo Estatal para a Integración dos Inmigrantes para levar a cabo as accións de colaboración entre todas as administracións competentes para que se facilite a integración dos inmigrantes e a cohesión social no noso país. Isto materialízase a través do establecido na disposición adicional segunda deste real decreto lei.

## VII

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de decembro de 2018, adoptou un acordo polo que se aproba o Plan de choque polo emprego xuvenil 2019-2021, que aproba unha serie de accións e medidas dirixidas a reducir a taxa de paro xuvenil e proporcionar empregos de calidade no mercado laboral. O plan inclúe 50 medidas estruturais en 6 eixes, para cuxa elaboración se contou coa participación dos axentes sociais, doutros ministerios e de diversas institucións e organizacións xuvenís.

Este plan recolle e afonda en programas como o de garantía xuvenil, que nos anos anteriores se reforzou para tratar de facilitar o acceso dos mozos ao mercado de traballo.

O último Informe anual do mercado de traballo estatal elaborado por parte do Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal amosa datos preocupantes sobre mozos de idades comprendidas entre 25 a 29 anos; detalla que a media mensual de parados mozos menores de 30 anos durante 2017 foi de 591.375, sendo o tramo de idade máis representativo o de 25-29 anos cun 53,07 por cento. De maneira adicional, este mesmo Informe do Mercado de Traballo Estatal achega outro dato relevante ao destacar que o tramo de idade de 25 a 29 anos é o tramo en que o incremento do número de afiliados é menor.

Entre os compromisos establecidos no Plan de choque inclúense dous que claramente afectan este colectivo de mozos entre 25 e 29 anos. Por un lado, fixa un compromiso coas persoas mozas universitarias e, por outro, facilita o regreso de mozos a través do Programa de retorno de talento e de apoio á mobilidade.

Todas estas circunstancias fan necesario que as reformas normativas e os esforzos de mellora se centren especialmente no colectivo de mozos a partir de 25 e menores de 30 anos, que é o obxectivo fundamental do presente real decreto lei, que pretende estabilizar a aplicación dos programas de mellora do emprego desenvolvidos no marco da garantía xuvenil ao conxunto de persoas mozas menores de 30 anos.

Igualmente, é prioritario a través desta reforma introducir melloras que permitan simplificar e facilitar as vías de inscrición e acceso ao ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. Todo iso en liña coa medida 43 establecida no Plan de choque polo emprego xuvenil 2019-2021.

O presente real decreto lei, dando cumprimento ao Plan de choque polo emprego xuvenil, en cuxo eixe 6, Mellora do marco institucional, se recollen diversas medidas dirixidas á mellora da xestión, colaboración, coordinación e comunicación dentro do Sistema nacional de emprego e o impulso á súa modernización, modifica o ámbito en que se levará a cabo a coordinación e o seguimento do Sistema nacional de garantía xuvenil, que pasará a depender do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

A medida 45 do Plan de choque polo emprego xuvenil 2019-2021 establece como obxectivo reforzar as actuacións de seguimento, control e avaliación da comisión delegada de seguimento e avaliación do Sistema nacional de garantía xuvenil. Trátase do órgano que mellor pode velar pola correcta coordinación e soporte, polo control das actividades que se deberán desenvolver para a execución do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como para a creación e desenvolvemento dos grupos de traballo específicos que considere necesarios para o desempeño das súas competencias o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Esta modificación xustifícase xa que o citado Consello é, en virtude do disposto no texto refundido da Lei de emprego, o órgano consultivo e de participación institucional en materia de política de emprego e de formación profesional para o emprego. De carácter tripartito, nese consello están representadas as comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Por iso, reforzando a importancia do diálogo social nesta materia e da necesidade de participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, e tras a entrada en vigor do Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, considérase necesaria esa modificación legislativa e, no marco do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego será onde se localice a Comisión Delegada de Seguimento e Avaliación do Sistema Nacional de Emprego.

En definitiva, na liña das reformas legislativas operadas sobre a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia pola que se implanta e se regula o Sistema nacional de garantía xuvenil, o Goberno traballa mediante o presente real decreto lei para continuar fortalecendo o Sistema nacional de garantía xuvenil, afrontando importantes retos na loita contra o desemprego xuvenil a través da adopción de melloras urxentes que permitan, pola súa vez, un maior aproveitamento dos fondos procedentes da Iniciativa de emprego xuvenil, e unha mellor participación na gobernanza mediante as actuacións de seguimento, control e avaliación a través da Comisión Delegada de Seguimento e Avaliación do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no marco do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Neste sentido, a disposición derradeira primeira modifica os artigos 88, 97, 98.5, 101.4 e 112 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, nos termos expresados, co obxectivo, por un lado, de dar maior seguridade xurídica aos mozos susceptibles de inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil e, por outro, para evitar calquera posible incerteza relativa á publicación periódica da taxa de desemprego do colectivo de mozos entre 25 e 29 anos.

Da mesma maneira, coa vista posta en garantir os posibles colectivos para os cales hai que elaborar programas e plans a curto e medio prazo de atencións, con este real decreto lei procédese á simplificación e clarificación dos requisitos para a inscrición no relativo á idade. Para iso, modifícanse os artigos 88.e), 97.c) e 101.4 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Por outro lado, ante a urxente necesidade de flexibilizar e clarificar os requisitos e as vías de acceso ao sistema dos mozos inscritos como demandantes de emprego modifícase o establecido no artigo 98.5 da Lei 18/2014, ampliando a marxe de actuación dos servizos públicos de emprego en relación coa data en que xestionen a solicitude de inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil de calquera mozo demandante de emprego. Así mesmo, elimínase o rango temporal establecido para as inscricións retroactivas dos mozos que, cumprindo os requisitos de inscrición, fosen atendidos. Por tanto, proporciónase maior flexibilidade aos servizos públicos de emprego para solicitar a inscrición de mozos que cumpran os requisitos para se inscribiren no Sistema nacional de garantía xuvenil nunha data determinada.

Finalmente, tamén queda modificado o artigo 112 da dita norma para, no marco do Plan de choque polo emprego xuvenil, mellorar a coordinación e seguimento do Sistema nacional de garantía xuvenil, que pasará a depender do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

A disposición transitoria primeira establece que o límite de 30 anos establecido no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, na redacción dada pola disposición derradeira primeira deste real decreto lei, será de aplicación aos mozos que estivesen inscritos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como a aqueles que solicitasen a súa inscrición, con anterioridade á entrada en vigor desta norma. Así mesmo, establece que, para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, será de aplicación o límite de idade máximo de 30 anos regulado no artigo 88.e) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, na redacción dada por este real decreto lei.

En definitiva, a mellora da situación económica e do mercado laboral en que nos encontramos fai que quede superada a lexislación aprobada para paliar os nocivos efectos sufridos durante o período 2007-2014 marcado por unha crise económica e financeira internacional cunha considerable repercusión no mercado de traballo en España, e que afectou de maneira especial os mozos.

Esta mellora económica e laboral viuse reflectida na taxa de desemprego xuvenil (poboación laboral entre 16 e 29 anos) que, aínda que experimentou un notable descenso, supera o dobre da media europea (29,4% fronte ao 13,2%, respectivamente) e exige un notable esforzo na adopción de cantas medidas sexan necesarias para mellorar a empregabilidade dos mozos menores de 30 anos.

Na Lei 18/2014, do 15 de outubro, condicionábase a inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil dos mozos maiores de 25 e menores de 30 anos a que a taxa de desemprego deste colectivo non descendese do 20 por cento, segundo a enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre do ano. Esta taxa, segundo a EPA do cuarto trimestre de 2018, é do 19,07 por cento. Por iso, considérase de urxente necesidade modificar a Lei 18/2014, do 15 de outubro, para evitar que o descenso da taxa de desemprego xuvenil por debaixo do 20 por cento, segundo a enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre de 2018, poida prexudicar un colectivo tan vulnerable como son os mozos. Estes constitúen un valioso capital humano, chamado a converterse en motor de cambio e de progreso do país, o seu presente e o seu futuro.

A paulatina diminución da taxa de desemprego xuvenil experimentada nos últimos meses pode deixar en inseguridade xurídica un colectivo especialmente vulnerable, facendo necesario simplificar e clarificar a regulación legal dos requisitos de acceso ao sistema. Todo isto confire á presente reforma un carácter de extraordinaria e urxente necesidade, ante a circunstancia de que as taxas actuais se encontran xa en límites próximos ao establecido legalmente, o que xera incerteza á hora de establecer políticas a medio ou longo prazo.

Ademais, o Programa de garantía xuvenil enmárcase dentro das medidas encamiñadas a loitar contra a taxa de desemprego xuvenil e facilita a inserción dos mozos no mercado laboral, prioridade do Goberno, tal e como quedou patente coa publicación do Plan de choque polo emprego xuvenil 2019-2021. Preténdese alcanzar estes obxectivos a través da revisión e mellora da actual Lei 18/2014, do 15 de outubro, o que confirma a súa urxencia e necesidade requirida pola norma constitucional.

Por todo isto, pola súa finalidade e polo contexto de exixencia temporal en que se dita, concorren no presente real decreto lei as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas no artigo 86 da Constitución.

Por último, a disposición derradeira terceira modifica a Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación Radio e Televisión Española, coa finalidade de que a función de servizo público estatal encomendada á dita corporación pola Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, e, en especial, no que aos acontecementos culturais e deportivos se refire, poida ser prestada nas adecuadas condicións, dentro do propio marco de regulación, financiamento e control a que quedan suxeitas a radio e a televisión estatais.

Así, considérase un asunto de especial interese público promover e desenvolver a práctica do deporte de alta competición incluído nos calendarios olímpico e parolímpico. Os programas ADO e ADOP constitúen un vehículo esencial para favorecer a preparación dos deportistas e equipos para a participación nos xogos olímpicos e parolímpicos.

Para tales efectos, cómpre modificar o artigo 7 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, incorporando no seu punto 3, referido ás actividades que non terán a consideración de publicidade e cuxa realización non dará lugar á percepción de ningunha contraprestación económica, un novo suposto relativo ás campañas publicitarias dos patrocinadores do programa ADO e ADOP en beneficio exclusivo da promoción e desenvolvemento do deporte olímpico e parolímpico español.

Esta modificación resulta de extraordinaria e urxente necesidade en atención á proximidade da celebración dos Xogos Olímpicos e Parolímpicos en Toquio no ano 2020, ao facilitar que a Corporación realice tarefas de divulgación dos contidos dos programas ADO e ADOP durante os exercicios 2019 e 2020, o que contribúe a dotar dun impulso definitivo ambos os programas de preparación dos deportistas, para que non se resinta o seu financiamento nin os seus plans preparatorios e se obteñan os mellores resultados deportivos nestes acontecementos.

## VIII

Coa aprobación deste real decreto lei o Goberno dá un novo paso no seu compromiso coa «Axenda 2030 polo desenvolvemento sustentable» de Nacións Unidas, dado que as diversas medidas que inclúe a norma teñen un impacto directo en varios dos obxectivos de desenvolvemento sustentable que conforman a dita Axenda 2030. En concreto, tales medidas gardan relación cos obxectivos de desenvolvemento sustentable números 1 (pór fin á pobreza), 5 (lograr a igualdade entre os xéneros), 8 (traballo decente e crecemento económico inclusivo) e 10 (reducir as desigualdades).

Este real decreto lei adécuase, igualmente, aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que o principio de necesidade quedou sobradamente xustificado «supra».

No que concirne aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, debe destacarse que as medidas se limitan estritamente a abordar de forma puntual, precisa e clara, mediante a mellor alternativa posible, a aprobación dun real decreto lei, dado o rango legal exixible e a urxente necesidade xa referida. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación está exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, este real decreto lei non impón cargas administrativas novas.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de marzo de 2019,



DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Medidas de protección social**

Artigo 1. *Subsidio por desempleo de maiores de 52 anos.*

Modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que queda redactado como segue:

Un. Dáse nova redacción ao punto 4 do artigo 274, que queda redactado como segue:

«4. Poderán acceder ao subsidio os traballadores maiores de cincuenta e dous anos, mesmo cando non teñan responsabilidades familiares, sempre que se encontren nalgún dos supostos recollidos nos puntos anteriores, cotizasen por desemprego ao menos durante seis anos ao longo da súa vida laboral e acrediten que, no momento da solicitude, reúnen todos os requisitos, salvo a idade, para accederen a calquera tipo de pensión contributiva de xubilación no sistema da Seguridade Social.

Se na data en que se encontren nalgún dos supostos previstos nos puntos anteriores os traballadores non fixeron a idade de cincuenta e dous anos pero, desde a dita data, permaneceron inscritos ininterrompidamente como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego, poderán solicitar o subsidio cando fagan esa idade. Para estes efectos, entenderase cumprido o requisito de inscrición ininterrompida cando cada unha das posibles interrupcións tivese unha duración inferior a noventa días e non se computarán os períodos que correspondan á realización de actividade por conta propia ou allea. Neste último caso, o traballador non poderá acceder ao subsidio cando o cesamento no último traballo fose voluntario.»

Dous. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 275, que queda redactado como segue:

«2. Entenderase cumprido o requisito de carencia de rendas exixido no artigo anterior cando o solicitante ou beneficiario careza de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.»

Tres. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 276, que queda redactado como segue:

«3. Para manter a percepción do subsidio para traballadores maiores de cincuenta e dous anos previsto no artigo 274.4, os beneficiarios deberán presentar ante a entidade xestora unha declaración das súas rendas, xunto coa documentación acreditativa que corresponda.

Esta declaración deberase presentar cada vez que transcorran doce meses desde a data do nacemento do dereito ou desde a data do seu último restablecemento, no prazo dos quince días seguintes a aquel en que se cumpra o período sinalado.

A falta de presentación da declaración no prazo sinalado implicará a interrupción do pagamento do subsidio e da cotización á Seguridade Social.

A presentación da declaración fóra do prazo sinalado implicará, de ser o caso, o restablecemento da devindicación do dereito con efectos da data en que se presente a dita declaración.»

Catro. Dáse nova redacción aos puntos 3 e 4 do artigo 277, que quedan redactados como segue:

«3. No suposto previsto no artigo 274.4, o subsidio estenderase, como máximo, ata que o traballador alcance a idade ordinaria que se exixa en cada caso para causar dereito á pensión contributiva de xubilación.»

«4. A duración do subsidio no caso de traballadores fixos descontinuos que se encontren nas situacións previstas nos puntos 1.a), 1.b) e 3 do artigo 274 será equivalente ao número de meses cotizados no ano anterior á solicitude.

Non será de aplicación a estes traballadores, mentres manteñan tal condición, o subsidio por desemprego para maiores de cincuenta e dous anos previsto no artigo 274.4.»

Cinco. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 278, que queda redactado como segue:

«1. A contía do subsidio por desemprego será igual ao 80 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples mensual vixente en cada momento. No caso de desemprego por perda dun traballo a tempo parcial, esa contía percibirase en proporción ás horas previamente traballadas nos supostos previstos nos puntos 1.a), 1.b) e 3 do artigo 274.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo 280, que queda redactado como segue:

«Artigo 280. *Cotización durante a percepción do subsidio.*

1. A entidade xestora cotizará pola continxencia de xubilación durante a percepción do subsidio por desemprego para traballadores maiores de cincuenta e dous anos.

As cotizacións efectuadas conforme o previsto no parágrafo anterior terán efecto para o cálculo da base reguladora da pensión de xubilación e porcentaxe aplicable a aquela en calquera das súas modalidades, así como para completar o tempo necesario para o acceso á xubilación anticipada.

En ningún caso esas cotizacións terán validez e eficacia xurídica para acreditar o período mínimo de cotización exixido no artigo 205.1.b), que, de conformidade co disposto no artigo 274.4, debeu quedar acreditado no momento da solicitude do subsidio por desemprego para maiores de cincuenta e dous anos.

2. Cando o receptor do subsidio sexa un traballador fixo descontinuo, a entidade xestora cotizará pola continxencia de xubilación:

a) Durante un período de sesenta días a partir da data en que naza o dereito ao subsidio, se o beneficiario é menor de cincuenta e dous anos e acreditou, para efectos do recoñecemento do subsidio, un período de ocupación cotizada de cento oitenta ou máis días.

b) Durante toda a percepción do subsidio unha vez feita a idade de cincuenta e dous anos.

3. Para efectos de determinar a cotización no suposto sinalado no punto 2.a) anterior, tomarase como base de cotización o tope mínimo de cotización vixente en cada momento, e nos supostos sinalados nos puntos 1 e 2.b) anteriores tomarase como base de cotización o 125 por cento do citado tope mínimo.

4. O Goberno poderá estender a outros colectivos de traballadores o disposto no punto 2.»

Sete. Dáse nova redacción ao artigo 285, que queda redactado como segue:

«Artigo 285. *Subsidio por desemprego de maiores de 52 anos e xubilación.*

Cando o traballador perciba o subsidio por desemprego previsto no artigo 274.4 e alcance a idade ordinaria que lle permita acceder á pensión contributiva de xubilación, os efectos económicos da citada pensión retrotraeranse á data de efectos da extinción do subsidio por alcanzar esa idade. Para iso será necesario que a solicitude da xubilación se produza no prazo dos tres meses seguintes á resolución firme de extinción. Noutro caso, terá unha retroactividade máxima de tres meses desde a solicitude.»

#### Artigo 2. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

A contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a elas, regulados no capítulo I do título VI do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, será a seguinte:

1. A contía da asignación económica establecida no artigo 353.1 será en cómputo anual de 341 euros.

2. Os límites de ingresos para ter dereito á asignación económica por fillo ou menor a cargo, a que se refiren os parágrafos primeiro e segundo do artigo 352.1.c), quedan fixados en 12.313,00 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 18.532,00 euros, e incrementaranse en 3.002 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

3. Sen prexuízo do anterior, a contía da asignación económica establecida no artigo 353.1 será en cómputo anual de 588 euros nos casos en que os ingresos do fogar sexan inferiores segundo a seguinte escala:

Integrantes do fogar		Intervalo de ingresos	Asignación íntegra anual euros
Persoas > = 14 anos (M)	Persoas < 14 anos (N)		
1	1	4.679,99 ou menos	588 x F
1	2	5.759,99 ou menos	588 x F
1	3	6.839,99 ou menos	588 x F
2	1	6.479,99 ou menos	588 x F
2	2	7.559,99 ou menos	588 x F
2	3	8.639,99 ou menos	588 x F
3	1	8.279,99 ou menos	588 x F
3	2	9.359,99 ou menos	588 x F
3	3	10.439,99 ou menos	588 x F
M	N	3.599,99 + [(3.599,99 x 0,5 x (M-1)) + (3.599,99 x 0,3 x N)] ou menos	588 x F

Beneficiarios:

F = fillos a cargo menores de 18.

N = número de menores de 14 anos no fogar.

M = número de persoas de 14 ou máis anos no fogar.

4. O financiamento desta medida realizarase mediante a correspondente transferencia do Estado á Seguridade Social.

Artigo 3. *Contías mínimas das pensións de incapacidade permanente total.*

1. Durante o ano 2019, as contías mínimas das pensións de incapacidade permanente total derivada de enfermidade común para menores de sesenta anos do sistema de Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, quedan fixadas nos importes seguintes:

Incapacidade permanente	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos.	6.991,60	6.991,60	6.930,00

2. O financiamento desta medida realizarase mediante unha maior transferencia do Estado á Seguridade Social no concepto de achega do Estado para complementos a mínimos.

Artigo 4. *Protección social das persoas traballadoras no sector marítimo-pesqueiro.*

Modifícase a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, que queda redactada nos seguintes termos:

Un. Modifícanse as letras d) e e) do punto 1 do artigo 14, que quedan redactadas do seguinte modo:

- «d) Prestación económica por nacemento e coidado de menor.
- e) Prestación económica por exercicio corresponsable do coidado do lactante.»

Dous. Modifícase o artigo 24, coa seguinte redacción:

«Artigo 24. *Nacemento e coidado de menor.*

1. A prestación económica por nacemento e coidado de menor outorgarase ás persoas traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Non obstante, a fórmula de determinación da base reguladora da prestación económica por nacemento e coidado de menor establecida na letra a) do artigo 318 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social será exclusivamente de aplicación ás persoas traballadoras por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar que queden incluídas no grupo primeiro de cotización, mentres que respecto das que queden incluídas nos grupos segundo e terceiro a base reguladora da dita prestación económica continuará sendo equivalente á que estea establecida para a prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

2. Para os efectos da citada prestación consideraranse situacións protexidas o nacemento, a adopción, a garda con fins de adopción e o acollemento familiar, de conformidade co Código civil ou coas leis civís das comunidades autónomas que o regulen, de acordo co disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. Así mesmo, poderán ser beneficiarias dun subsidio por nacemento as traballadoras por conta allea que, en caso de parto, reúnan todos os requisitos establecidos para accederen á prestación por nacemento e coidado de menor, salvo

o período mínimo de cotización establecido no artigo 178 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.»

Tres. Modifícase o artigo 25, coa seguinte redacción:

«Artigo 25. *Corresponsabilidade no coidado do lactante.*

A prestación económica por corresponsabilidade no coidado do lactante outorgaráselles ás persoas traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.»

Artigo 5. *Cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.*

Modifícase o Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, que queda redactado como segue:

Un. Engádesse un novo punto 6 ao artigo 5, coa seguinte redacción:

«6. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019, aos traballadores que realizasen un máximo de 55 xornadas reais cotizadas no ano 2018 aplicaráselles ás cotas resultantes durante os períodos de inactividade en 2019 unha redución do 14,6 por cento.»

Dous. Os puntos 6, 7 e 8 renuméranse como puntos 7, 8 e 9.

Artigo 6. *Inactividade de artistas en espectáculos públicos.*

Modifícase o punto 1 do artigo 249 ter do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os artistas en espectáculos públicos poderán continuar incluídos no réxime xeral da Seguridade Social durante os seus períodos de inactividade de forma voluntaria, sempre e cando acrediten, ao menos, vinte días en alta con prestación real de servizos na dita actividade nos doce meses naturais anteriores a aquel en que soliciten tal inclusión á Tesouraría Xeral da Seguridade Social. As retribucións percibidas por eses días deberán superar a contía de dúas veces o salario mínimo interprofesional en cómputo mensual. Esta inclusión deberá solicitarse á Tesouraría Xeral da Seguridade Social en calquera momento e, de recoñecerse, terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á data da solicitude.

Esta inclusión non procederá cando previamente se producise a baixa de oficio prevista no punto 3.b) deste artigo e o solicitante non se encontrase ao día no pagamento das cotas debidas.»

## CAPÍTULO II

### Medidas de fomento do emprego indefinido

Artigo 7. *Conversión de contratos eventuais de traballadores agrarios en contratos indefinidos ou contratos fixos descontínuos.*

1. As empresas que ocupen traballadores encadrados no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social que transformen, antes do 1 de xaneiro de 2020, os contratos de traballo de duración



temporal subscritos con eses traballadores, calquera que sexa a data da súa celebración, en contratos de duración indefinida, incluídos os contratos fixos descontínuos, terán dereito ás seguintes bonificacións na cota empresarial por continxencias comúns á Seguridade Social, durante os dous anos seguintes á transformación do contrato:

a) Se o contrato se refire a traballadores encadrados no grupo 1 de cotización, con cotización por bases mensuais, e que teñan unha base de cotización mensual inferior a 1.800 euros, a bonificación será de 40 euros/mes (480 euros/ano). No caso de traballadoras, estas bonificacións serán de 53,33 euros/mes (640 euros/ano).

b) Se o contrato se refire a traballadores encadrados no grupo 1 de cotización que coticen por xornadas reais traballadas e a súa base de cotización diaria sexa inferior a 81 euros, a bonificación será de 2 euros/día. No caso de traballadoras, as bonificacións serán de 2,66 euros/día.

c) Se o contrato se refire a traballadores encadrados nalgún dos grupos de cotización entre o 2 e o 11, que teña unha base de cotización mensual inferior a 1.800 euros ou unha base diaria inferior a 81,82 euros, a bonificación corresponderase coa contía necesaria para que a cota resultante por continxencias comúns non supere 88,15 euros/mes, ou 4,01 euros por xornada real traballada. No caso de traballadoras, a bonificación corresponderase coa contía necesaria para que a cota resultante por continxencias comúns non supere 58,77 euros/mes ou 2,68 euros por xornada real traballada.

2. As bonificacións previstas no punto 1 non serán de aplicación durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como nacemento e coidado do menor causadas durante a situación de actividade a que se refire o artigo 5.7 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, na redacción dada por este real decreto lei.

3. Para a aplicación deste incentivo a empresa deberá manter no emprego o traballador contratado ao menos tres anos desde a data de transformación do contrato. En caso de incumprimento desta obriga, deberase reintegrar o incentivo.

4. No non establecido nesta disposición serán de aplicación as previsións contidas na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, salvo o establecido no seu artigo 2.7.

#### Artigo 8. *Bonificación pola contratación laboral de persoas desempregadas de longa duración.*

1. Os empregadores que contraten indefinidamente persoas desempregadas e inscritas na oficina de emprego ao menos doce meses nos dezoito meses anteriores á contratación terán dereito, desde a data de celebración do contrato, a unha bonificación mensual da cota empresarial á Seguridade Social ou, de ser o caso, polo seu equivalente diario, por traballador contratado de 108,33 euros/mes (1.300 euros/ano) durante tres anos.

Cando estes contratos se concerten con mulleres, as bonificacións indicadas serán de 125 euros/mes (1.500 euros/ano) durante tres anos.

2. Se o contrato se subscribe a tempo parcial, as bonificacións desfrutaranse de maneira proporcional á xornada de traballo pactada no contrato.

3. Para a aplicación deste incentivo a empresa deberá manter no emprego o traballador contratado ao menos tres anos desde a data de inicio da relación laboral. Así mesmo, deberá manter o nivel de emprego na empresa alcanzado co contrato durante, ao menos, dous anos desde a súa celebración. En caso de incumprimento destas obrigacións, deberase reintegrar o incentivo.

Non se considerarán incumpridas as obrigacións de mantemento do emprego anteriores cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato ou por resolución durante o período de proba.

4. No non establecido nesta disposición serán de aplicación as previsións contidas na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, salvo o establecido no seu artigo 2.7.

Artigo 9. *Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos discontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.*

1. As empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dedicadas a actividades encadradas nos sectores de turismo, así como os de comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculados ao sector do turismo, que xeren actividade produtiva nos meses de febreiro, marzo e de novembro de cada ano e que inicien ou manteñan en alta durante eses meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo discontinuo, poderán aplicar unha bonificación en tales meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional dos ditos traballadores.

2. O disposto neste artigo será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o día 31 de decembro de 2019.

### CAPÍTULO III

#### **Medidas de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo**

Artigo 10. *Rexistro de xornada.*

O texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 7 do artigo 34, que queda redactado da seguinte maneira:

«7. O Goberno, por proposta da persoa titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e logo de consulta ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas, poderá establecer ampliacións ou limitacións na ordenación e duración da xornada de traballo e dos descansos, así como especialidades nas obrigacións de rexistro de xornada, para aqueles sectores, traballos e categorías profesionais que polas súas peculiaridades así o requiran.»

Dous. Modifícase o artigo 34, ao cal se engade un novo punto 9, coa seguinte redacción:

«9. A empresa garantirá o rexistro diario de xornada, que deberá incluír o horario concreto de inicio e finalización da xornada de traballo de cada persoa traballadora, sen prexuízo da flexibilidade horaria que se establece neste artigo.

Mediante negociación colectiva ou acordo de empresa ou, na súa falta, decisión do empresario logo de consulta cos representantes legais dos traballadores na empresa, organizarase e documentarase este rexistro de xornada.

A empresa conservará os rexistros a que se refire este precepto durante catro anos e permanecerán á disposición das persoas traballadoras, dos seus representantes legais e da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Artigo 11. *Infraccións laborais.*

Modifícase o punto 5 do artigo 7 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. A transgresión das normas e dos límites legais ou pactados en materia de xornada, traballo nocturno, horas extraordinarias, horas complementarias, descansos, vacacións, permisos, rexistro de xornada e, en xeral, o tempo de traballo a que se refiren os artigos 12, 23 e 34 a 38 do Estatuto dos traballadores.»

Disposición adicional primeira. *Grupo de expertos e expertas para a proposta dun novo Estatuto dos traballadores.*

O Goberno, con anterioridade ao 30 de xuño de 2019, constituirá un grupo de expertos e expertas para levar a cabo os traballos e estudos preparatorios para a elaboración dun novo estatuto dos traballadores. A composición e as funcións deste grupo de expertos e expertas determinaranse mediante acordo do Consello de Ministros e logo de audiencia dos interlocutores sociais na Mesa de Diálogo Social de Emprego e Relacións Laborais constituída no Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Fondo Estatal para a Integración dos Inmigrantes.*

De conformidade co disposto no artigo 2 ter da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, na redacción dada pola Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, o Fondo Estatal para a Integración dos Inmigrantes terá unha dotación de 70 millóns de euros para o exercicio 2019.

Disposición adicional terceira. *Avaliación das medidas de fomento do emprego indefinido do capítulo II.*

Con anterioridade ao 31 de outubro de 2019, o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social elevará á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos un informe de avaliación do impacto das medidas de fomento do emprego indefinido incluídas no capítulo II deste real decreto lei.

A avaliación estenderase ao período anterior ao de establecemento das medidas, de forma que se poida comparar a evolución do emprego indefinido tanto antes como despois da súa aplicación, co fin de efectuar unha análise máis completa dos seus efectos.

En función dos resultados da avaliación adoptaranse as medidas de reforma ou adaptación que resultan necesarias para favorecer o emprego indefinido nos sectores de actividade e respecto das persoas desempregadas a que se refire o citado capítulo II.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación do límite de idade máximo de 30 anos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.*

O límite de 30 anos establecido no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, na redacción dada pola disposición derradeira primeira deste real decreto lei, será de aplicación aos mozos que estivesen inscritos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como a aqueles que solicitasen a súa inscrición, con anterioridade á entrada en vigor desta norma.

Así mesmo, para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei será de aplicación o límite de idade máximo de 30 anos regulado no artigo 88.e) da Lei 18/2014 na redacción dada por este real decreto lei.

Disposición transitoria segunda. *Cotización con cargo ás cotas por cesamento de actividade na situación de incapacidade temporal dos traballadores autónomos que se encontrasen na dita situación na data de entrada en vigor do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.*

1. Os traballadores por conta propia ou autónomos que, tendo a protección por cesamento de actividade durante 2018, se encontraban en situación de incapacidade temporal na data de entrada en vigor do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, transcorridos 60 días desde que se iniciase a dita situación poderán beneficiarse do pagamento das cotas, por todas as contingencias, por parte da mutua

colaboradora coa Seguridade Social, da entidade xestora ou, de ser o caso, do Servizo Público de Emprego Estatal, con cargo ás cotas por cesamento de actividade, segundo o previsto no artigo 308 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na redacción dada polo Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro. Con independencia da data do feito causante da incapacidade temporal, o aboamento das cotas procederá exclusivamente desde o 1 de xaneiro de 2019, de ser o caso, sempre que o vencemento dos 60 días se producise estando en vigor o Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro.

2. Os traballadores por conta propia ou autónomos que, sen teren protección por cesamento de actividade durante 2018, se encontren en situación de incapacidade temporal na data de entrada en vigor do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, deberán permanecer na dita situación 60 días desde o 1 de xaneiro de 2019 para beneficiarse do pagamento das cotas, por todas as continxencias, por parte da mutua colaboradora coa Seguridade Social, da entidade xestora ou, de ser o caso, do Servizo Público de Emprego Estatal, con cargo ás cotas por cesamento de actividade, segundo o previsto no artigo 308 a que se refire o punto anterior.

Disposición transitoria terceira. *Prestación de paternidade.*

Con efectos do 8 de marzo e ata o 31 de marzo de 2019, seguirá sendo de aplicación o réxime xurídico da prestación de paternidade contido no capítulo VII do título II do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na súa redacción vixente en 7 de marzo de 2019.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación.*

1. Queda derogada a disposición adicional vixésimo oitava da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

2. Derrógase a disposición transitoria única do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía.

3. Así mesmo, quedan derogadas cantas normas se opoñan ao previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Sistema nacional de garantía xuvenil.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, queda modificada da seguinte maneira:

Un. O artigo 88 queda redactado nos seguintes termos:

«Os suxeitos que participan no Sistema nacional de garantía xuvenil son os seguintes:

a) A Administración xeral do Estado, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela, cada unha no ámbito das súas competencias.

b) As administracións das comunidades autónomas, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas, cada unha no ámbito das súas competencias.

c) As entidades que integran a Administración local, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas, cada unha no ámbito das súas competencias.

d) Os interlocutores sociais e entidades que actúen no ámbito privado.

e) Os mozos maiores de 16 anos e menores de 30 que cumpran cos requisitos recollidos nesta lei para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil.»

Dous. A letra c) do artigo 97 queda redactada nos seguintes termos:

«c) Ter máis de 16 anos e menos de 30 anos.»

Tres. O punto 5 do artigo 98 queda redactado nos seguintes termos:

«5. A inscrición ou renovación como demandante de emprego nun servizo público de emprego implica a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil, se se cumpren os requisitos recollidos no artigo 97, por proposta do servizo público de emprego correspondente. A data de solicitude de inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil corresponderá coa que o dito servizo considere oportuna dentro do período de vixencia da demanda.

Para estes efectos, considerarase que se cumpre co requisito establecido na letra g) do artigo 97 no momento en que se inscribise como demandante de emprego.

Adicionalmente, os servizos públicos de emprego poderán solicitar a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil daquelas persoas inscritas como demandantes de emprego, desde o 1 de setembro de 2013 ata o 24 de decembro de 2016, que participasen nalgunha das accións recollidas no artigo 106 e, ao inicio da acción, cumprisen cos requisitos recollidos no artigo 105. Neste caso, a data de inscrición corresponderá coa data de inicio da acción. Así mesmo, os servizos públicos de emprego informarán desta circunstancia a persoa interesada para efectos de que esta poida exercer os seus dereitos outorgados pola normativa de protección de datos de carácter persoal.»

Catro. O punto 4 do artigo 101 queda redactado nos seguintes termos:

«4. A baixa no sistema producirase de oficio transcorridos catro meses desde que un usuario inscrito cumpra a idade límite de conformidade co artigo 97.c).

Os usuarios inscritos no sistema non serán dados de baixa mentres estean recibindo algunhas das medidas ou accións previstas no artigo 106, sempre que fosen previamente consignadas no sistema conforme as obrigacións establecidas no artigo 100.»

Cinco. A letra a) do artigo 112 queda redactada nos seguintes termos:

«a) A coordinación de actuacións e o seguimento da implantación e desenvolvemento do Sistema nacional de garantía xuvenil levarase a cabo no ámbito do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego a través dunha Comisión Delegada de Seguimento e Avaliación do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

A dita comisión terá atribuídas competencias de coordinación e soporte, así como de control das actividades que deben desenvolverse para a execución do Sistema nacional de garantía xuvenil. Poderá crear e desenvolver os grupos de traballo específicos que considere necesarios para o desempeño das competencias citadas.

A Comisión estará integrada por un máximo de tres representantes de cada unha das comunidades autónomas participantes na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais de entre os ámbitos de emprego, educación, servizos sociais e/ou mocidade, así como polos organismos intermedios do Fondo Social Europeo das comunidades autónomas e polos interlocutores sociais. Igualmente, formarán parte da Comisión aqueles membros que designe o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, un representante do Ministerio de Educación e Formación Profesional, un representante do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, así como calquera outro membro que resulte competente por razón da materia.

Sen prexuízo do anterior, poderá formar parte da Comisión calquera outro suxeito distinto dos indicados cando así se acorde no seo da Comisión, co alcance e representatividade que esta dispoña.



Presidirá a Comisión a persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social e, na súa falta, a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

A Comisión reunirse cunha periodicidade, ao menos, trimestral.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que queda redactado como segue:

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 237, que queda redactado do seguinte modo:

«3. As cotizacións realizadas durante os dous primeiros anos do período de redución de xornada por coidado de menor previsto no primeiro parágrafo do artigo 37.6 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores computaranse incrementadas ata o 100 por cento da contía que correspondería se se mantivese sen esa redución a xornada de traballo, para efectos das prestacións sinaladas no punto 1. Este incremento estará exclusivamente referido ao primeiro ano nos demais supostos de redución de xornada recollidos no primeiro e segundo parágrafo do mencionado artigo.

As cotizacións realizadas durante os períodos en que se reduce a xornada no último parágrafo do punto 4, así como no terceiro parágrafo do punto 6 do artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, computaranse incrementadas ata o 100 por cento da contía que tería correspondido se se mantivese sen esa redución a xornada de traballo, para efectos das prestacións por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e incapacidade temporal.»

Dous. Modifícase o punto 1 da disposición adicional primeira, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Ao réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón seralle de aplicación o previsto nos artigos 146.4; 151; 152; 153; 161.4; nos capítulos VI, VII VIII, IX e X do título II; nos artigos 194, puntos 2 e 3; 195, excepto o punto 2; 197; 200; 205; 206; 207; 208; 209; 210; 211; 213; 214; 215; 219; 220; 221; 222; 223; 224; 225; 226, puntos 4 e 5; 227, punto 1, segundo parágrafo; 229; 231; 232; 233; 234 e capítulos XV e XVII do título II.

Tamén será de aplicación no dito réxime o previsto no último parágrafo do punto 2 e no punto 4 do artigo 196. Para efectos de determinar o importe mínimo da pensión e do cálculo do complemento a que se refiren, respectivamente, os ditos puntos, tomarase en consideración como base mínima de cotización a vixente en cada momento no réxime xeral, calquera que sexa o réxime consonte cuxas normas se recoñezan as pensións de incapacidade permanente total e de grande invalidez.»

Tres. Modifícase o punto 1 da disposición transitoria trixésimo primeira nos seguintes termos:

«1. Os convenios especiais no sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, previstos no Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, que se manteñan na data de entrada en vigor do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, entenderanse subsistentes e rexeranse integramente polo disposto no real decreto lei citado, e a cota que hai que aboar será por conta da Administración xeral do Estado, a partir do 1 de abril de 2019.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.*

Modifícase o punto 3 do artigo 7 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Non obstante o disposto no punto 2 anterior, non terán a consideración de publicidade as actividades seguintes, as cales, porén, en caso de realizárense non darán lugar á percepción de ningunha contraprestación económica:

a) As actividades de autopromoción, sempre que a duración máxima dos contidos de autopromoción por hora de emisión non sexa superior á do resto dos operadores de televisión de ámbito xeográfico nacional.

b) As actividades de publicidade e comunicación institucional, entendendo por tales aquelas recoñecidas pola Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional e a lexislación autonómica na materia, así como de patrocinio cultural.

c) As actividades derivadas da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

d) As campañas divulgativas de carácter social ou de contidos solidarios en beneficio de entidades e organizacións sen fins de lucro emitidas ao abeiro da responsabilidade social corporativa da Corporación RTVE.

e) As campañas publicitarias dos patrocinadores do programa ADO e ADOP en beneficio exclusivo da promoción e do desenvolvemento do deporte olímpico e parolímpico español.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte dos órganos das comunidades autónomas, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

Disposición derradeira quinta. *Modificacións orzamentarias.*

Efectuaranse as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto lei, de conformidade co establecido na normativa orzamentaria en vigor.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

1. O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coas particularidades sinaladas nos puntos seguintes.

2. As modificacións relativas ao subsidio para maiores de 52 anos establecidas no artigo 1 deste real decreto lei aplicaranse aos dereitos ao subsidio que nazan ou se restablezan a partir da súa entrada en vigor, así como aos que na dita data estean percibindo os seus beneficiarios.

En particular, o disposto no artigo 280.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, segundo a redacción dada polo punto seis do artigo 1 deste real decreto lei, aplicarase desde o día primeiro do mes seguinte á súa entrada en vigor aos beneficiarios que na dita data estean percibindo o subsidio por desemprego e aos que, a partir dela, o obteñan ou o reinicien.

3. O disposto nos artigos 2, 4, 7 e 8 deste real decreto lei entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

4. O rexistro de xornada establecido no punto 9 do artigo 34 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, segundo a redacción dada a este polo artigo 10 deste real decreto lei, será de aplicación aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN